



A FGC PRESENTA ANTE OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN O CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CAZA SAN HUBERTO



A Federación Galega de Caza ven de convocar para o vindeiro 6 de setembro, ás 12 horas, no Salón Quintana do Hotel Porta do Camiño, en Santiago de Compostela unha rolda de prensa á que están invitados tódolos medios de comunicación e revistas especializadas, con motivo da presentación do XXV CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CAZA SAN HUBERTO, que se disputará na localidade ourensá de Xinzo de Límia, os días 9 e 10 de setembro, e na que está confirmada a participación de tódolas Seleccións Autonómicas, das 17 Comunidades Autónomas.

Na rolda de prensa participarán ademais do Presidente da Federación Galega de Caza, o Secretario Xeral da Real Federación Española, o Director Xeral de Conservación da Natureza, un Representante da Dirección Xeral para o Deporte, o Vicepresidente da FGC, responsable da área de Competicións, e o Presidente da Sociedade de Cazadores Xinzo de Límia.